

eres en Marcha
todas sexamos Libres

Mundial das Mulleres 2010 ♀



TRIBUNAL DE ACUSACIÓN CONTRA OS CRIMES DO CONGO

marcha mundial das mulleres · Galiza

Este texto foi elaborado para o acto realizado en Vigo pola Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres o 17 de outubro de 2010 no marco da III Acción Internacional. Este acto foi un dos numerosos actos celebrados polas coordinadoras nacionais da Marcha Mundial en todo o mundo o día que tiña lugar o feche da III Acción Internacional en Sud Kivu – RDCongo en solidariedade coas nosas compañeiras africanas e as mulleres que sufren, no planeta, os efectos e as consecuencias dos conflitos.

Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres

PERSONAXES

- Coro de tres persoas. *Repetirán a introdución do acto unha detrás da outra, e lerán simultaneamente o chamado pola paz ao final da escenificación*
- Membro do tribunal 1. *Irá vestida de negro e con unha toga ou similar negra asimesmo.*
- Membro do tribunal 2. *Irá vestida de negro e con unha toga ou similar negra asimesmo.*
- Xuíza. *Irá vestida de negro e con unha toga negra ao igual que as outras membras do tribunal, mais con algún elemento diferenciador.*
 - *(As personaxes da xuíza e as membras do tribunal poderán simplificarse nunha (a xuíza) se for necesario.)*
- Demandante 1. *É unha muller que representa o pobo e a Marcha Mundial das Mulleres. Levará o emblema da Marcha nalgún lugar visíbel do seu vestiario. Tanto ela como a 2 terán que dalgún modo levar elementos caracterizadores comúns. Estas dúas personaxes poden fusionarse nunha soa con leves adaptacións. Recoméndase a cor violeta para o seu vestiario.*
- Demandante 2.
- Fiscalá. *Pode ir caracterizada pola cor vermella e levará unha toga desta cor ou similar.*
- Mulleres testemuña. *Estas dúas mulleres irán caracterizadas por algunha prenda branca, do mesmo modo que o resto das testemuñas e no momento en que fan a súa declaración colocan libremente a tea verde da MMM do Congo.*
 - Mungere
 - Jeanne
- Nenos soldado. *A súa testemuña será intercalada e a cor que os caracteriza é a cor verde se for posíbel, que deberá aparecer nalgunha das súas prendas, mais estas non deben ser militares explicitamente, só verdes.*
 - Michelle (nena)
 - Edouard
- Eduardo Galeano, *contándonos a historia de Lumumba*
- Vumilia, *do Campo de refuxiados de Kibati.*
- Keith Harmon Snow, *para lectura dun informe para sacar á luz a verdade sobre as matanzas de refuxiados ruandeses de 1996 a 1997.*
- Inocence Mukawati, *negociante de minerais.*
- Enmanuel, *nenos obrigado a traballar nunha mina de Coltán*
- Martin Plaut, *xornalista en África da canle televisiva inglesa BBC*
- Joana Perkins, *experta en asuntos económicos internacionais*

Notas:

Todas as testemuñas soben ao escenario cando son reclamadas pola fiscalía para declarar e quedan no banco despois de declarar; se for posíbel, se non for así é imprescindible que fiquen no banco cando menos as dúas mulleres e algunha máis que se decida.

Sobre o escenario:

No medio atrás unha mesa con un micro para as dúas membras do tribunal e a xuíza. Frente a elas e na parte dianteira do escenario o atril (lugar para as declaracións) co pano verde da MMM do Congo colgado del ou pousado dalgún modo, para que as mulleres o poidan incorporar ao declararen.

Á dereita da xuíza a fiscalía con un micro diante e unha mesa e cadeira.

Á esquerda da xuíza os bancos das demandantes sen mesa, na parte central dereita do escenario.

En frente, no outro lado do escenario os bancos onde sentan as testemuñas despois de declarar (ou todas ou as mulleres e aquelas que se decida).

A un lado, banco ou cadeiras para as Tanxedoras, ou outro lugar que se estime

Precisaranse 4 micros (xuíza, parte demandante, atril, fiscalía).

Levarán mesa a fiscalía, a xuíza e a parte demandante.

ESCENA UNHA

(inicio)

As mulleres do Coro repiten o anuncio do que vaia acontecer; mentres por tras delas arrúmase o decorado para preparar o salón do xulgado, porque o xuízo está a piques de comezar.

As distintas personaxes interveñen ao tempo que colocan os diversos elementos do decorado –embora estes estean colocados no escenario previamente- escenario que deberá ser sinxelo (bancos, cadeiras, un atril... conforme se indica mais arriba).

Basicamente no escenario ao finalizar teremos delimitadas diversas zonas: no centro o espazo do tribunal, destacado por algún elemento especial como unha cadeira maior para a xuíza e outras para as demais mulleres integrantes do tribuna, se as houber. Á dereita a parte demandante (o povo) e á esquerda do escenario os bancos das testemuñas. Un atril será colocado para as diversas declaracións das testemuñas nun lugar centrado.

(MÚSICA)

CORO 1:

Hoxe, 17 de outubro, miles de mulleres de todo o mundo atópanse no corazón do Sud-kivu, xunto coas mulleres do Congo, Ruanda e Burundi, para facer un chamamento pola paz na Rexión dos Grandes Lagos Africanos e no mundo enteiro.

Ao mesmo tempo, procédese a constituír en Vigo, un Tribunal de Acusación polos crimes cometidos no Congo.

CORO 2:

Hoxe, 17 de outubro, miles de mulleres de todo o mundo atópanse no corazón do Sud-kivu, xunto coas mulleres do Congo, Ruanda e Burundi, para facer un chamamento pola paz na Rexión dos Grandes Lagos Africanos e no mundo enteiro.

Ao mesmo tempo, procédese a constituír en Vigo, un Tribunal de Acusación polos crimes cometidos no Congo.

CORO 3:

Hoxe, 17 de outubro, miles de mulleres de todo o mundo atópanse no corazón do Sud-kivu, xunto coas mulleres do Congo, Ruanda e Burundi, para facer un chamamento pola paz na Rexión dos Grandes Lagos Africanos e no mundo enteiro.

Ao mesmo tempo, procédese a constituír en Vigo, un Tribunal de Acusación polos crimes cometidos no Congo.

(MÚSICA)

DEMANDANTE 1 –*Colocando un banco longo á dereita do escenario axudada pola demandante 2 diríxese ao público sen pousar o que leva na man*- :

Nosoutras, fondamente preocupadas pola reactivación das guerras e os conflitos armados que persisten na Rexión dos Grandes Lagos, queremos denunciar non só os actos da barbarie, senón tamén aos responsables, os autores, e os cómplices, por acción ou por omisión.

DEMANDANTE 2 – *completando o que dixo a súa compañeira...-*:

Queremos denunciar aos autores directos e aos indirectos, aos actuais e aos pasados, aos coñecidos e aos que aínda permanecen na sombra e a todos aqueles que se benefician ou nos beneficiamos dalgún xeito, das guerras que ignoramos.

MEMBRA DO TRIBUNAL 1 -*desde a parte central, onde coloca as cadeiras-*:

Este Tribunal ten como misión escoitar, xunto con todas e todos vós, as testemuñas que veñen desde o Congo.

MEMBRA DO TRIBUNAL 2 –*engadindo ao que dixo a súa compañeira -*:

Non veremos as verdadeiras caras das testemuñas, nin escoitaremos as súas propias voces, serán outras persoas as que lles darán voz

DEMANDANTE 2

...pero podemos garantirvos que representan a millóns de persoas que teñen sufrido todo tipo de agresións.

(MÚSICA)

ESCENA DÚAS

(As acusacións da fiscalía)

Cada quen ocupa o seu lugar na escena: As membras do tribunal e a xuíza ocupan a parte central; a fiscal na parte esquerda, o pobo (a parte demandante) á dereita, as testemuñas entran e poden ficar sentadas despois da súa declaración na parte esquerda, ou pódense retirar despois de declarar, segundo conveña.

XUÍZA

Comezamos este enxuízamento popular. Imos xa escoitar a fiscalía e as diferentes testemuñas.

FISCALA – *Enuncia as acusacións e le as acusacións desde a súa mesa. A súa intervención será interrompida polas intervencións das partes demandantes..*

Esta fiscalía, en nome da xustiza,

ACUSA aos gobernos dos países occidentais de terse enriquecido a costa da vida e o sangue dos escravos e escravas; de ter promovido, co fin de alimentar a súa cobiza, o colonialismo, o terror, o asasinato, a explotación indiscriminada, a corrupción, o empobrecemento da poboación e innumerábeis guerras

DEMANDANTE 1 – *En pé completa...*

E nós, en nome da xustiza e das mulleres de todos os pobos,

ACUSAMOS ao rei Leopoldo II de Bélxica, administrador privado do Congo, desde a conferencia de Berlín no ano 1885 até o ano 1908 no que pasa a ser colonia de Bélxica, de instaurar un réxime de terror, explotación indiscriminada e asasinatos en masa.

DEMANDANTE 2 – *En pé completa...*

Acusamos ás Nacións Unidas, ao goberno de Bélxica, ao goberno norteamericano e á CIA, de truncar a posibilidade do desenvolvemento democrático do Congo na etapa postcolonial, e do asasinato de Patricio Lumumba, primeiro presidente do Congo trala independencia de Bélxica.

FISCALA – *En pé completa...*

ACUSAMOS a Joseph-Désiré Mobutu, xefe de estado do Congo entre os anos 1965 e 1997, de miles de asasinatos, empobrecemento da poboación, violación aos dereitos humanos e corrupción; e aos gobernos occidentais, de complicidade na comisión deses delitos

DEMANDANTE 1 – *En pé completa...*

ACUSAMOS a Museveni, presidente de Uganda e a Paul Kagame, presidente de Ruanda, de promover a guerra e apoiar grupos armados co fin de controlar unha zona rica en recursos; e a este último, Paul Kagame, de xenocidio e crimes de guerra e contra a humanidade, polas matanzas de persoas refuxiadas hutus no Congo. E ao goberno de Estados Unidos, de complicidade con ditos crimes.

DEMANDANTE 2 – En pé completa...

ACUSAMOS aos gobernos de Zambia, Kenya, Sudán, Tanzania e Angola, de participar indirectamente na guerra a cambio de recursos.

FISCALA – En pé completa...

ACUSAMOS aos membros dos exércitos e das milicias gobernamentais, así como aos grupos armados antigovernamentais, tanto do Congo como dos países implicados na guerra, de secuestro, asasinato, violación, extorsión, deslocamento da poboación, lesións, explotación e tráfico ilegal de persoas e mercadorías

DEMANDANTE 1 – En pé completa...

ACUSAMOS ás Nacións Unidas de permitir a impiedade dos membros das forzas de paz, denunciados polo subministro de armas, munições e drogas a grupos armados, a cambio de ouro e marfil.

DEMANDANTE 2 – En pé completa...

ACUSAMOS á xerarquía das principais igrexas monoteístas: cristianismo, xudaísmo e islam, de ter xogado ao longo da historia, e de seguir xogando hoxe, un papel activo e sistemático na defensa dos valores que nos manteñen ás mulleres na subordinación e dependencia en relación aos homes. De considerar que o xénero humano son os homes e que nós só somos unha apéndice da humanidade

FISCALA – En pé completa...

ACUSAMOS aos gobernos de Estados Unidos, Rusia, Alemaña, Francia, Estado Español, Países Baixos, Italia, China e Israel (como os principais exportadores de armas a nivel mundial), de seguir permitindo a opacidade nas transferencias de armas a zonas en conflito, sendo conscientes dos sufrimentos e danos que provocan. E os acusamos de ser os responsables da morte de millóns de persoas a nivel mundial e do subdesenvolvemento dos países en conflito.

DEMANDANTE 1 – En pé completa...

ACUSAMOS ás institucións financeiras internacionais do empobrecemento da poboación e da destrución do medio ambiente.

DEMANDANTE 2 – En pé completa...

ACUSAMOS ás principais compañías distribuidoras de armas e ás principais multinacionais mineiras, como responsábeis directas da guerra e dos conflitos armados no Congo; do asasinato e deslocamento de millóns de persoas, violacións, abusos, secuestros, extorsión, contrabando, explotación infantil, e do empobrecemento da poboación.

FISCALA – En pé completa...

ACUSAMOS ás empresas multinacionais das novas tecnoloxías (informática, telefonía móbil, televisión, aeronáutica, medicina nuclear, etc.) de utilizar minerais exportados ilicitamente desde o Congo. E por este

motivo, de asasinato e deslucamento de poboación, abusos, secuestros, extorsión, contrabando, explotación infantil e empobrecemento da poboación.

FISCALA – *Conclúe ...*

E para ratificar estas acusacións, chamamos a declarar ás testemuñas.

(MÚSICA)

ESCENA TRES

(Escoitamos as mulleres testemuñas)

Cada vez que unha testemuña se achega a declarar recolle diante do atril, un pano africano que coloca no seu corpo como quere, ben atado na cintura, arredor do cabelo, sobre os ombreiros... e ao final da súa declaración volta a deixalo onde o atopou para ser empregado pola seguinte.

FISCALA. *Chama por Mungere Arhalimba, de Kaduto, pronunciando o seu nome.*

Sube a declarar Mungere Arhalimba

TESTEMUÑA DE MUNGERE ARHALIMBA.

Eu son Mungere Arhalimba. Teño 47 anos. Vivo en Kaduto, nas aforas de Bukavu.

“Toda a miña vida gañei cartos como tendeira. Compraba cousas na cidade e vendíaas no meu pobo, na provincia de Uvira, así que viaxaba moito. Hai catro anos, cando ía coa miña irmá no autobús, paráronnos uns militares. Estabamos nunha zona de moita vexetación, perto da fronteira con Burundi. Os soldados mandáronnos baixar do autobús, e quitáronnos todo o que tiñamos. Un deles mirou a miña irmá, que é mais nova ca min, e dixo: "Esa é moi guapa", e levárona cara a selva. Pouco despois tamén me levaron a min. Eran 8 soldados hutus. A min violáronme tres. Os dous primeiros puxéronse enriba de min. Cando terminaban limpábanme coa roupa para o que viña despois. O último obrigoume a darme a volta.

Ao volver ao autobús, tentamos disimular, pero era evidente que os soldados nos violaran. Fomos ao hospital. Cando saín, o meu marido marchou. Non podía soportar a deshonra. Quedei soa cos meus fillos.

Tempo despois como me topaba mal volví ao hospital. Fixéronme as probas, e dixéronme que era portadora do virus da SIDA. Aos poucos días miña irmá tamén fixo o exame e tamén lle deu positivo.

Os meus fillos saben que teño SIDA, eles axúdanme cando non teño forzas. Selemani, o maior, que ten 16 anos, é o que vai a buscarme os medicamentos. Teño moitas esperanzas postas nel, en que acabe os estudos e se faga cargo dos irmáns cando eu morra.

(MÚSICA)

FISCALA. *Chama por Jeanne Mukuninwa , pronunciando o seu nome.*

Sube a declarar Jeanne Mukuninwa

TESTEMUÑA DE JEANNE MUKUNINWA

Eu chámome Jeanne Mukuninwa. Teño 20 anos. Seis soldados das milicias hutus na rexión de Shabunda, entraron na nosa casa. Ao meu tío cortáronlle os brazos e puxérono sobre un tronco como se estivese crucificado.

Aos meus irmáns deixáronos ir. A min leváronme con eles.

Deixábanme tirada fóra da choza, á intemperie, atada de pes e mans. Non lles importaba que chovera, que fíxera frío, violábanme todos os días. Só un deles tiña misericordia de min e ás veces dábame de comer un pouco de fariña de casava. Cando viron que ía morrer, colléronme dos brazos e tiráronme xunto ao camiño, aínda que antes me fixeron moito dano, metéronme obxectos punzantes na vaxina e no recto.

Uns homes leváronme ao dispensario e dalí trouxéronme a Panzi. Levo varias operacións para tentar de reconstruír os órganos xenitais.

Vivo nunha pensión, vendo cousas no mercado para gañar algúns cartos. A miña familia non sabe que estou viva. Prefiro que pensen que estou morta a que saiban o que me pasou.

En todo o país hai miles de mulleres que pasaron polo mesmo ca min. A moitas tamén as mataron.

(MÚSICA)

ESCENA CATRO

(Escoítamos as testemuñas dos nenos soldado)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Acabamos de escoitar a testemuña de mulleres ás que a violencia provocada pola guerra ten estragado as súas vidas, e lles ten arrebatado as súas familias. Por elas coñecemos a situación de milleiros de mulleres africanas e de todo o mundo que teñen dereito a vivir en paz.

Escoitemos agora as testemuñas das nenas e dos nenos soldado, a quen os acusados, as potencias internacionais, os gobernos dos países desenvolvidos e as guerras provocadas pola cobiza económica, lles ten privado do dereito a ter unha infancia e unha vida libre das violencias.

Chamo a declarar a Michelle de 12 anos e Edouard de 14.

(A nena e o neno comparecen conxuntamente e relatan a súa historia. Poden sentar no chan en semicírculo ou adoptar outra posición, de tal maneira que as súas testemuñas poidan ir intercaladas)

NENA

Atáronme a min e a miña irmá polas mans e leváronnos ao monte.

Atopámonos con outros vinte nenos e nenas.

EDOUARD

Ao chegar ao campamento rapáronme a cabeza con un cacho de cristal dunha botella rota.

No campamento aprendín disciplina militar e a desmontar unha pistola.

Os instructores disparaban salvas de munición para ensinarnos a non ter medo.

NENA

Pola noite, cando tiñamos que ir ao lavabo pensaban que tentariamos escapar.

Sempre nos ataban pola noite.

Os meus instructores eran ruandeses e ugandeses e déronme armas que procedían de Ruanda.

EDOUARD

Loitei en Bunia, Mambasa, Beni e Butembo.

En decembro de 2002 fun ferido nun xeonllo, en Komanda, e a miña unidade abandonoume.

Conseguín poñerme a salvo e fun desmobilizado e enviado a un campo de reeducación.

NENA

Ao meu pai levárono e matárono a machetazos. Á miña nai queimárona viva na casa cando os lendus incendiaron todas as vivendas da miña aldea.

EDOUARD

Atopáronse con un home que estaba traballando a terra.
Collérono e levárono entre os arbustos onde o mataron.
Despois déronme un machete e ordenáronme que o cortase.

NENA

Recibín instrución no campamento da UPC de Mandro.
Pouco despois da instrución, o coche no que viaxabamos eu e os meus compañeiros pasou sobre unha mina.
Tiven que pasar un ano no hospital de Bunia xa que tiña o pé esquerdo ferido de gravidade.

EDOUARD

Pasei sete meses no campamento militar de instrución da UPC de Mandro, perto de Bunia.

NENA

Non teño boa saúde.
Desde o meu primeiro ano como soldado teño dores de cabeza, mareos e dificultades para respirar.
Quero estudar e aprender un oficio.
Os estudos son importantes porque hai que ter intelixencia na vida e só os estudos permítenche adquirir esa intelixencia.
Quero que a guerra remate e que remate pronto.

EDOUARD

Era un sufrimento, non nos dan de comer, nin xabón, nin paga... ningún se ocupa dos feridos.
Agora teño que pedir comida.
Cando me recupere quero estudar.

(MÚSICA)

ESCENA CINCO

(Escoitamos as testemuñas sobre Patricio Lumumba)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Agora imos dar conta da verdade sobre o asasinato de Patricio Lumumba, e o truncamento, a mediados dos anos 60, da posibilidade dun desenvolvemento democrático no Congo na etapa post-colonial. Cántanola o escritor e historiador Eduardo Galeano.

(Sube e fala Eduardo Galeano)

A mediados de 1960, celebrouse a independencia do Congo, que fora ata entón, colonia asoballada por Bélxica.

Discurso tras discurso, o público derretíase de calor e de aburrimiento. O Congo, alumno agradecido, prometía boa conduta. Bélxica, mestra severa, advertía contra os perigos da liberdade.

Entón estoupou o discurso de Patricio Lumumba. Falou contra o imperio do silencio, e pola súa boca falaron os calados. Este augafestas rendeu homenaxe aos autores da independencia, as persoas asasinadas, as presas, as torturadas e as exiliadas que ao longo de tantos anos se bateran contra a humillante escravitude do poder colonial.

As súas palabras, recibidas polo silencio de xeo do estrado europeu, foron interrompidas oito veces polas ovacións do público africano.

Ese discurso selou o seu destino.

Lumumba, recién saído do cárcere, gañara as primeiras eleccións libres na historia do Congo, e encabezaba o seu primeiro goberno, pero a prensa belga chamouno delirante e ladrón analfabeto. Nas comunicacións dos servizos belgas de intelixencia, Lumumba foi nomeado Satán. O director a CIA, Allan Dules, enviou instrucións aos seus funcionarios:

“A destitución de Lumumba debe ser o noso obxectivo urxente”

Dwigt Eisenhower, presidente dos Estados Unidos, dixo ao canciller británico Lord Home:

“Desexo que Lumumba caia nun río cheo de crocodilos”

A Lord Home levoulle unha semana contestar: “Chegou o momento de desfacernos del”

E o ministro de asuntos africanos do goberno belga, aportou o seu: “Lumumba debe ser eliminado dunha vez e para sempre”

Oficiais belgas, ao mando de oito soldados e nove policía, fusilárono, a principios de 1961, xunto aos seus dous colaboradores máis achegados.

Temendo un levantamento popular, o goberno belga e os seus instrumentos congolese, Mobutu e Tsombé, ocultaron o crime.

Quince días despois, o novo presidente dos Estados Unidos, John Kennedy, anunciou: “Non aceptaremos que Lumumba volte ao goberno”

E Lumumba, que para entón fora xa asasinado e disolto nun barril de ácido sulfúrico, non voltou ao goberno.

O asasinato de Lumumba foi un acto de reconquista colonial. As riquezas minerais, cobre, cobalto, diamantes, ouro, uranio, petróleo, ditaban ordes, desde o fondo da terra.

A sentenza foi executada coa complicidade das nacións unidas.

Mobutu, que atrapou a Lumumba e o mandou triturar, desfrutou o poder durante máis de 30 anos. Os organismos internacionais de crédito recoñeceron os seus “méritos” e foron xenerosos con el. Cando morreu, a súa fortuna persoal equivalía “pouco menos” que ao total da débeda externa do país ao que consagrara as súas “mellores” enerxías.

(MÚSICA)

ESCENA SEIS

(Escoitamos as testemuñas sobre os campos de refuxiados)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Agora imos dar conta da situación das persoas refuxiadas. Chamo a declarar a Vumilia, do campo de persoas refuxiadas de Kibati.

VUMILIA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Viviamos no campo de refuxiados de Kibati, co meu home e os meus catro fillos.

Hai un ano, tivemos de abandonar Rugari, a nosa aldea, na rexión de Rutshuru.

Dende aquela temos unha pequena tenda de campaña, feita con lona e follas de banana, loitando por sobrevivir coas racións de comida que recibimos.

O campo de refuxiados, no que sobrevivimos unhas sete mil persoas, está situado baixo a sombra do volcán Nyragongo, na fronteira con Ruanda, a cinco quilómetros de Goma, e case sempre está envolto en nubes e chuvia, polo que pasamos moito tempo na tenda, para non mollarnos. Dentro gardamos unha manta e un par de vellos tallos para non ter que sentar directamente no chan.

O chan co campo de refuxiados está feito un lameiro e hai moitas pozas e os baños están moi suxos.

A miúdo aparecen homes armados disparando as súas armas, para deixar claro que lle temos que dar diñeiro ou comida, sen ofrecer resistencia.

A miña familia recibe seis quilos de fariña ao mes, pero cando aparecen os homes armados témoslla que dar se queremos seguir con vida.

Hai dúas semanas uns homes que asaltaron o campo en busca de diñeiro e teléfonos móbiles, mataron a unha nena dun disparo na cabeza e feriron a un rapaz no brazo.

Cando veñen, primeiro piden diñeiro, e se ninguén ten, disparan ao ar para asustarnos e que lles demos a nosa comida. É un milagre que aínda non nos atacasen. Porén, cando chega a noite nunca sabemos se espertaremos con vida ao día seguinte.

Cando quedamos sen comida eu podería ir á horta, a que fixeron os desprazados, e coller o que houbera, pero o meu home non quere que vaia, alí moitas veces as mulleres son vítimas de ataques ou violacións.

Nunca volveremos a nosa aldea, Rugari.

Ogallá poidamos ter unha vida mellor e poidamos traballar unha parcela que un amigo do meu home lle prometeu no Kivu Sur. Preferiría cultivar o campo que estar pendente de recibir estes víveres do programa mundial de alimentos.

(MÚSICA)

ESCENA SETE

(Escoitamos as testemuñas sobre as matanzas de refuxiados e refuxiadas ruandesas)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Agora chamo a declarar a Keith Harmon Snow para que nos dea conta do asasinato de miles de refuxiados e refuxiadas ruandesas en territorio do Congo.

KEITH HARMON SNOW.

Chámome Keith Harmon Snow e son Xornalista.

A miña experiencia coa rexión dos Grandes Lagos de África comezou en 1991. Cando viaxaba polo sur de Uganda vin como uns asaltantes, considerados rebeldes do Frente Patriótico Ruandés, disparaban a un home desarmado. Desde entón teño viaxado sen descanso para sacar á luz a verdade sobre a guerra na República Democrática do Congo e o xenocidio en Ruanda.

Vou ler partes do Informe realizado por unha Comisión Internacional Non Governamental sobre as matanzas de refuxiados ruandeses de 1996-97. E cito:

"A Comisión estima, sobre a base de numerosos informes e testemuñas, que perto de 200.000 persoas refuxiadas en territorio zaireño, a meirande parte de etnia hutu, perderon a vida de forma arbitraria ou desapareceron como consecuencia dunha estratexia deliberada de exterminio lento dunha parte da poboación de orixe ruandés. Segundo a Comisión, en Zaire (actualmente República Democrática do Congo) cometéronse actos de xenocidio contra os refuxiados hutus, en violación da Convención de Xenebra.

"Estimamos -dí o informe- que a administración americana debía estar ao corrente necesariamente, dos crimes de guerra cometidos no leste do ex-Zaire, xa que os rumores persistentes facían mención da presenza, ao lado das forzas da "Alianza das Forzas Democráticas para a Liberación do Congo" e do "Exército Patriótico Ruandés" de conselleiros militares norteamericanos. En canto á axuda humanitaria, os norteamericanos non quixeron enviar soldados para a misión militar humanitaria. ¿Como explicar a dúbida e despois o rexeitamento de achegar apoio loxístico e material para ir salvar miles de vidas humanas? Pensamos que a resposta se atopa no aval político, mesmo informal, dado polos Estados Unidos á iniciativa militar ruandesa para solucionar o problema das persoas refuxiadas.

Fronte aos numerosos testemuños sobre as masacres dos refuxiados, a posición do ACNUR é insostible. Gardar silencio ante as masacres e ante a imposibilidade de levar asistencia ás persoas refuxiadas, debido á obstrución dos militares que controlaban o territorio, é facerse cómplice indirecto de crimes de guerra e crimes contra a humanidade".

(MÚSICA)

ESCENA OITO

(Escoítamos as testemuñas sobre as minas de coltan)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Chamo agora a declarar a Inocencew Mukawati, comerciante de minerais.

INOCENCE MUKAWATI

Chámome Inocence Mukawati, vivo no barrio de chabolas de Kadutu, na periferia de Bukavu. Desde os anos 70 dirixo un negocio familiar de minerais. O negocio funciona da seguinte maneira: Desde Bukavu envío a comerciantes con diñeiro para que compren coltán, casiterita e ouro nas minas de Kivu Sur. Eles mércano e tráeno aquí. Polo camiño as guerrillas e o exército cóbranlles impostos para deixalos pasar, o máis normal é que os soldados esixan un 10% dos minerais e do diñeiro en cada un dos postos de control de estradas, pero algunhas veces esixen ata o 30%.

Nós temos os permisos en regra pero case todo o negocio é ilegal. Os minerais saen a través de Ruanda e Burundi sen que exista ningún control, sen que os congoleses, que somos donos dos recursos, poidamos sacar ningún proveito.

Nalgunhas zonas as forzas gobernamentais están directamente involucradas no negocio. Na mina de Bisi, por exemplo, que é a mais grande de casiterita nesta rexión, os militares cobran unha comisión por cada quilo de casiterita, e chegan a ter uns beneficios de 120.000 dólares ao mes.

Tamén nesta rexión, Kivu Sur, os grupos armados seguen ocupando algunhas minas. Eles controlan o acceso ás minas e compran armas e municións cos fondos que obteñen. Tamén saquean as aldeas da rexión e de cando en vez secuestran civís.

Algunhas empresas teñen permisos legais, pero outras, ao non conseguilos, utilizan aos grupos armados para facer valer as súas pretensións.

Antes da guerra existía unha empresa estatal, Sominki, que tiña os dereitos de explotación das minas nesta rexión. Pero agora hai dúas empresas que se disputan o acceso ás minas. As dúas teñen ao seu servizo forzas de protección, que defenden os seus intereses e extorsionan á poboación local.

Outras empresas traballan desde fóra do Congo, comprándolle os minerais aos grupos armados. como por exemplo Thaisarco, que é propiedade dunha multinacional británica, ou algunhas compañías belgas como Trademet e Traxya, e outras moitas empresas transnacionais que actúan como intermediarias.

Aquí cómprase o kilo de mineral como moito a 10 dólares, e sabemos que o prezo no mercado internacional pode chegar a 600 dólares. As grandes corporacións están repartíndose á zona. Eu non vexo que a poboación local saque ningún beneficio.

(MÚSICA)

ESCENA NOVE

(Escoítamos as testemuñas sobre as minas de coltan)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Chamo agora a declarar a Emmanuel, un neno que traballa nas minas de coltán.

ENMANUEL. *Declara diante do atri.*

Chámome Emmanuel.

Xogaba na miña aldea cando entraron nela uns homes cargados de armas e dixéronnos que se queríamos ir traballar con eles.

Dixeron que íamos gañar moitos cartos e despois da guerra e da morte de papá, case non tínhamos para comer así que eu apunteime o primeiro.

Cando chegamos puxéronnos a traballar. Entramos por un pequeno burato na mina. Só levabamos un martelo e unhas botas de plástico...

Levo traballando moito tempo nesta mina. Non volví a casa...

Traballamos moito. Ás veces entramos na mina e estamos dentro ata 48 horas sen poder saír.

Dentro as condicións son moi malas: o chan é esvaradío, e caemos a cotío; hai moita humidade e fai moita calor; ás veces a galería inúndase de auga e temos que traballar mollados... Como non vemos a luz durante moito tempo ao saír da mina moléstanos, penso que teño mal os ollos.

Tamén as mans, que co tempo retorcéronse e están cheas de feridas de tanto martelar na parede.

Aquí morre cada día moita xente, pois prodúcense derrubamentos a diario. As galerías apuntálanse con madeira moi sinxela, que baixan ata 300 metros de profundidade.

En canto aos cartos prometidos...eu soñaba con levar unha fortuna á miña familia pero só me pagan 5 dólares por día. Din que despois aos militares danlle moitos máis cartos polo que eu saco.

(MÚSICA)

ESCENA DEZ

(Escoitamos as testemuñas sobre as actuacións da MONUC)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal.*

Escoitemos agora outra testemuña, que nos dá conta dos enormes intereses políticos e económicos agochados e da complicidade das potencias occidentais.

Chamo a declarar a Martín Plaut, xornalista en África da canle televisiva inglesa BBC

XORNALISTA MARTIN PLAUT. *Dirixíndose ao tribunal e sobre todo ao público –é un xornalista que desexa espallar a súa mensaxe, está afeito...-.*

Eu son Martin Plaut, xornalista da BBC en África.

Durante 18 meses estivemos a realizar unha investigación sobre actuacións delictivas da MONUC, que como vostedes saben é a Forza de Paz para o Congo da ONU.

Nese tempo, tivemos acceso a fontes confidenciais da ONU, e recolleamos probas de que as tropas de paz pakistanís estiveron involucradas no comercio ilegal de ouro na poboación de Mongbwalu, e subministraron armas para protexer o perímetro das minas. *(fala con moita contundencia)*

Ademais, descubrimos que soldados hindús mantiveron negocios con milicias responsábeis do xenocidio de Ruanda do ano 1994, na poboación de Goma.

Os soldados hindús tamén fixeron contrabando de ouro, mercaron drogas ás milicias e incluso voaron nun avión da ONU até o Parque Nacional de Virunga, onde intercambiaron municións por marfil.

Mais o realmente indignante foi descubrir evidencias de que Nacións Unidas ignorou ou pasou por alto as denuncias sobre estes feitos. Investigadores da ONU dixéronnos que o seu traballo fora bloqueado por razón políticas, concretamente o temor a ofender a países como India e Pakistán, que contribúen cun alto número de homes á que chaman “forza de paz”.

En resumo, constatamos que as Forzas da ONU, que deberían velar pola paz da poboación do Congo, son en ocasións cómplices da barbarie, expolio e miseria que asolaga o Congo.

(MÚSICA)

ESCENA ONCE

(Escoitamos as testemuñas sobre as institucións financeiras internacionais)

FISCALA. *Dirixíndose ao tribunal*

Por último, imos dar conta de como as potencias occidentais e as corporacións transnacionais fan uso das institucións financeiras internacionais para despozar a outros países dos seus recursos naturais.

Ten a palabra Joanna Perkins, experta en asuntos económicos internacionais:

JOANA PERKINS

Chámome Joanna Perkins, e veño aquí a explicar algunhas das estratexias utilizadas polas corporacións multinacionais para apropiarse dos recursos doutros países.

O máis común é que primeiro identifiquen os recursos que ten cada país: petróleo, gas, uranio ou minerais valiosos, e as dificultades que ese recurso ten para a súa explotación e comercialización. Logo concertan un préstamo a ese país por parte do Banco Mundial ou algunha das súas filiais como por exemplo a Sociedade Financeira Internacional, que é aencargada de apoiar ao sector privado. Eses cartos non se lle dan directamente ao goberno do país en cuestión, senón que van parar ás corporacións estranxeiras para construír as infraestructuras necesarias: plantas eléctricas, parques industriais, estradas, etc... Mesmo chegan a utilizarse para dotar de máis medios as forzas armadas e policiais do país.

Aínda que eses investimentos non cheguen á maioría da poboación e só sirvan para enriquecer a uns poucos ou para apoiar a ditaduras como a de Mobuto, ou para financiar o apartheid en Sudáfrica, a xente, o país enteiro é responsable da devolución da débeda cos correspondentes intereses.

E a débeda é tan grande que non poden devolvela. No Congo, cada ano, dilapídanse preto de 500 mil millóns de dólares nos intereses, o que representa case tres veces máis que a axuda de emerxencia concedida polo Fondo Monetario Internacional. Ano tras ano a duras penas poden pagar os intereses, e iso é parte do plan...

É moi habitual que despois do endebedamento provocado por elas mesmas, estas institucións se ofrezan a re-financiar a débeda, cobrando máis intereses e esixíndolles un "Quid pro quo", ou o que se chama condicionalidade ou bo goberno. que consiste basicamente en que o país endebedado ten que vender os seus recursos -incluíndo servizos públicos- ás corporacións estranxeiras, evidentemente corporacións estadounidenses ou do Grupo dos 8 países máis ricos. Así que é un dobre golpe, triple ou cuádruple...

A trampa é simple: provocar o endebedamento do país, ben pola súa imprudencia ou corrompendo aos gobernantes, e despois limitar a súa soberanía impoñendo a apertura do mercado e políticas de axuste estrutural, que consisten habitualmente na privatización dos recursos públicos (electricidade, auga, minería, etc.) e a devaluación da moeda, o cal abarata os recursos do país e os pon a disposición dos países depredadores a unha fracción do seu valor real.

O único obxectivo é maximizar os beneficios, sen importar o custo social ou medioambiental.

Tamén son habituais os recortes ou a privatización do sistema educativo e sanitario, comprometendo o benestar e integridade da sociedade, e deixándoa vulnerable á explotación.

(MÚSICA)

ESCENA ÚLTIMA

As membras do tribunal len os considerandos e a xuíza a condena.

MEMBRA DO TRIBUNAL 1

Reunido en Vigo o tribunal contra os crimes do Congo, oídas as testemuñas, considerando feitos probados os datos achegados e

- CONSIDERANDO que a guerra e os conflitos armados do Congo teñen provocado centos de masacres, millóns de mortes, centos de miles de mulleres violadas, millóns de persoas desprazadas, secuestros, extorsións, pobreza e propagación do VIH/SIDA, e que son particularmente as mulleres e as crianzas as que sofren as consecuencias das guerras,
- CONSIDERANDO que a guerra é o resultado dun sistema económico inxusto que decide o reparto e o acceso das riquezas do mundo e que as potencias políticas e económicas propician tal situación co fin de saciar os seus intereses económicos egoístas.
- CONSIDERANDO que a orixe principal da violencia infrinxida ás mulleres radica no sistema patriarcal, fundamente arraigado, no que as mulleres viven a marxinação e a negación das súas necesidades e dereitos por razón de xénero.
- CONSIDERANDO que o negocio da escravitude e a posterior etapa colonial tivo efectos devastadores en África, que provocou numerosas rebelións e guerras étnicas, explotación indiscriminada de recursos, utilización de man de obra indíxena en condicións de escravitude, limitacións e restricións de dereitos para as persoas nativas,
- CONSIDERANDO que o xenocidio no Congo está provocado polo intento de control das riquezas mineiras por parte das corporacións multinacionais e os gobernos dos países belixerantes.
- CONSIDERANDO que a fabricación, a venda e tráfico de armas contribúe a que persista a inseguridade e a inestabilidade nesta subrexión de África, así como no mundo enteiro. e que os conflitos e a violencia armada ademais de producir millóns de mortes, e horrores físicos e psíquicos, socavan gravemente o desenvolvemento de África.
- CONSIDERANDO que co prezo que África esta pagando polos conflitos armados podería sufragar o custo de poñer fin á crise do VIH/Sida, ou proporcionar educación, auga, prevención e tratamento para a tuberculose e a malaria; que se poderían ter construído miles de hospitais, escolas e estradas, mellorando así a vida de millóns de persoas.

- CONSIDERANDO que o sistema internacional de xestión de conflitos así como os mecanismos da ONU non son eficaces; que os cascos azuis presentes na subrexión non melloran a situación, e que a resolución 1325 do Consello de Seguridade da ONU non se aplica,

MEMBRA DO TRIBUNAL 2.

CONDENAMOS

- Aos gobernos dos países occidentais,
- Aos dirixentes das institucións financeiras internacionais,
- Ás Nacións Unidas,
- Aos principais dirixentes das igrexas monoteístas,
- Aos gobernos do Congo, Uganda, Ruanda, Burundi, Sudán, Namibia, Kenya, Tanzania e Angola,
- Aos grupos armados que operan na rexión dos Grandes Lagos,
- As empresas fabricantes e distribuidoras de armas,
- As multinacionais mineiras e de novas tecnoloxías,

CONDENAMOS A TODOS ELES,

A abandonar de xeito inmediato todos os cargos de responsabilidade, representación ou xestión en todos os organismos, empresas e institucións; a poñer as súas fortunas a disposición de proxectos das comunidades do Congo, abandonando o seu modo de vida para PEDIR PERDÓN, REPARAR E COMPENSAR:

- TODAS as humillacións, vexacións e angustias que padecen as mulleres do congo por seren obrigadas a deixar a súa casa,
- TODO o sufrimento derivado do empobrecemento, a explotación, a extorsión, que padecen as mulleres do Congo cando se ven obrigadas a mendigar para garantir a súa supervivencia e a das súas crianzas.
- TODOS os medos e os danos físicos e psíquicos derivados dunha violación, dun embarazo non desexado, do recrutamento forzoso desde nenos e do contaxio por VIH/SIDA.

MEMBRA DO TRIBUNAL 1

Para facer efectiva esta sentenza, cada un dos condenados deberá presentarse ante as comunidades do Congo e poñerse ao servizo das vítimas, para acompañalas e servilas en todo canto precisen, sexa carretar auga ás casas, picar leña, transportar mercadorías ás feiras, traballar a terra, acompañar ás persoas de idade, atender nas súas necesidades ás persoas doentes, lavar a roupa, limpar as casas, escolas, hospitais... E toda canta tarefa lles sexa requirida, co fin de que todos os acusados volvan á encontrar a súa condición de seres humanos.

XUÍZA.

E desde o ditado desta sentenza, este Tribunal fará todo o posíbel para que se cumpra.

En Galiza, a 17 de outubro de 2010.

(MÚSICA)

ESCENA DERRADEIRA (PECHE)

(SEGUE A MÚSICA)

(Dúas ou tres das mulleres do coro, colócanse diante do atril e leen ao mesmo tempo)

AS MULLERES DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES:

Declaramos a nosa solidariedade coas mulleres que sofren conflitos e guerras en todo o mundo.

Solidarizámonos coas mulleres da rexión dos Grandes Lagos africanos, Burundi, R.D. Congo, Uganda e Ruanda, que están a sufrir conflitos brutais, e onde se exerce unha violencia sexual sistemática contra as mulleres, a pesar dos acordos de paz e do alto ao lume

Solidarizámonos coas mulleres de Ruanda, e xuntas dicimos “nunca máis” ao xenocidio

Solidarizámonos coas mulleres sudanesas, que durante este período de crise sofren no seu país violacións masivas dos dereitos das mulleres

Solidarizámonos coas mulleres de Birmania, que sofren violencia de estado. Pedimos con firmeza ao réxime militar birmano a liberación inmediata da dirixente demócrata e premio Nobel, Aung San Suu Kyi

Solidarizámonos coas mulleres de América Central (de México a Panamá) onde centos de mulleres son vítimas de feminicidio

Solidarizámonos coas mulleres de Iraq e da Palestina, que viven en países ocupados e están privadas de todos os seus dereitos fundamentais

Solidarizámonos coas mulleres de todo o mundo que se atopan soas e isoladas en rexións en conflito e zonas militarizadas

Pedimos á comunidade internacional que se enfrente connosco á violencia sexual, e adopte medidas para prever que tal violencia se perpetúe

Pedimos aos gobernos que velen para que os autores de tal violencia sexual sexan imputados e xulgados

Consideramos que a participación das mulleres na loita para crear unha cultura de paz é crucial. Se integramos plenamente a perspectiva de xénero na prevención de conflitos, a xestión da crise e a consolidación da paz despois dos conflitos, garantiremos ás mulleres un rol de relevancia na construción da paz e aseguraremos o respecto dos seus dereitos

MULLERES EN MARCHA ATÉ QUE TODAS SEXAMOS LIBRES!!!!

(SOA O CAPIRE)